



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15 DE NOVEMBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00051005A.

Aprobación de Acta de sesión anterior.

Apróbase a Acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 11 de outubro de 2021.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/421/2020.

Licenza obra maior.

Conceder licenza para o proxecto básico de data de visado do 02/04/2020 cun orzamento de execución material de 290.689,44 €. O proxecto básico refírese á construción dunha vivenda unifamiliar illada no Lg Carballal Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1279/2020.

Licenza obra maior.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 07 de outubro de 2021 , outorgada ante o Notario don Carlos Sebastián Lapido Alonso, co número de protocolo mil catrocentos noventa. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes .

SEGUNDO.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 13/10/2021 e a documentación presentada o 29/10/2021, a construción dunha vivenda unifamiliar no Lg Carballal, 13 Santiago de Compostela (A Coruña),

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00002513K.

Rectificación de acordo.

Acórdase:

Rectificar o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 25 de outubro de 2021 , no sentido de aclarar e para facer constar que onde di
“...Conceder a Dº Fernando Leis Casanova licenza para o proxecto básico redactado polo arquitecto polo arquitecto Fernando Leis Casanova O proxecto básico refírese á execución dunha vivenda unifamiliar e peche de parcela”

Debe dicir

“Conceder a Dº Fernando Leis Casanova licenza para o proxecto básico redactado polo arquitecto polo arquitecto José María Lorenzo Fernández..... O proxecto básico refírese á execución dunha vivenda unifamiliar e peche de parcela e anexo garaxe. ...”

ratificando as restantes disposicións da resolución concedida.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00002833L.

Licenza obra maior.

Acórdase:

Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme ao proxecto técnico de data de visado do 25/01/2021 e a documentación presentada na data 26/08/2021, a construción de edificación en planta Baixa para uso provisional na parcela situada no Lg Queiroal 30 Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de 8.308,28 euros.

6. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2021/00020087C.

Licenza de obra nova para construción de nave destinada a laboratorio de control de calidade na Rúa República Checa, 20.

Acórdase:

Primeiro: Conceder a CYE CONTROL Y ESTUDIOS, S.L., licenza de obras para a construción de nave para laboratorio de control de calidade na RÉPÚBLICA CHECA, 20, parcela 57 da reparcelación do SUNP-37, 1º sector de Costa Vella, segundo Proxecto básico e de execución redactado con visado do ICOIIG de data 26.03.2021 e anexo de data 19.06.2021, cun orzamento de execución material **221.082,43 €**.

As actuacións consistirán na construción dunha nave de dous plantas destinada a laboratorio de control de calidade, cunha superficie construída total de 522 m², ocupación en planta de 450 m² e altura máxima de 9 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza E do Plan Parcial do SU(NP-37, 1º sector de Costa Vella.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00018366R.

Licenza obra maior.

Acórdase:

Primeiro: Conceder a BRICOLAJE BRICOMAN SLU, licenza de obras para a construción dunha marquesiña na RÚA DO PAÍS VASCO, 6, Parcela K4c01-1 do Polígono da Sionlla, segundo Proxecto técnico redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena con visado do COAG de data 29/04/2021, cun orzamento de execución material de 14.900 €, baixo a dirección de obra do proxectista.

As actuacións consistirán na construción dunha marquesiña cunha superficie de 103,83 m² e altura de 7,43 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza Ordenanza 4. Edificación exenta, Variante 4.c. do Proxecto sectorial da Sionlla.

8. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2021/00046143V.

Aprobación definitiva da subvención solicitada por C.PP. Álvaro Cunqueiro 3 correspondente a convocatoria de subvencións de data 19 de outubro de 2018 relativas ás Fases 7 (remanente de convocatoria 2016) e 8 do area de rehabilitación integral do barrio de Vista Alegre.

Acórdase aprobar definitivamente a subvención e recoñecer a obriga de pagamento en favor da interesada, con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800000/2021, polo importe de **102.549,47 euros**. A cantidade anterior distribuírase entre 20 perceptores comuneiros que teñen acreditada a totalidade dos requisitos esixidos aos beneficiarios.

9. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2021/00048060W.

Aprobación definitiva da subvención solicitada por un particular correspondente a convocatoria de subvencións de data 19 de outubro de 2018 relativas ás Fases 14 (remanente de convocatoria 2016) e 15 na área de rexeneración e renovación urbana da Cidade Histórica.

Aprobar definitivamente a subvención e recoñecer a obriga de pagamento, con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 7800000/2021, polo importe de **10.198,67 euros**.

10. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00018415G.

Aprobación da concesión do Premio Realía de tradución 2021.

Acórdase:

1. Conceder, á vista da acta do xurado, o premio Realía de tradución 2021 pola tradución do grego moderno da obra *As consecuencias da vella historia*, escrita por Georgios Viziinos a **José Alfonso Blanco Quintela**.

2. Recoñecer a obriga económica por importe de **1.500 €** a satisfacer con cargo á aplicación 2021 050 33400 4890100 do departamento de Acción Cultural.

11. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00010772C.

Aprobación da liquidación definitiva do exercicio 2020 do convenio Concello de Santiago-Museo do Pobo Galego

Apróbase a liquidación definitiva do orzamento correspondente ao exercicio 2020 presentada polo Museo do Pobo Galego, visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio asinado no seu día e da súa correcta xustificación.

12. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: 2021/00034342S.

Aprobación da xustificación do convenio coa Asociación Para a Promoción Social e a Inserción Laboral Plataforma polo Emprego, ano 2021.

Apróbase a xustificación do convenio coa Asociación para a Promoción Social e a Inserción Laboral Plataforma polo Emprego, por valor de doce mil euros, **12.000 €**, con cargo á aplicación 020 23103 4800002 para o ano 2021 e acórdase notificar esta resolución ás persoas interesadas.

13. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: 2021/00028285F.

Aprobación da xustificación do convenio coa Asociación Coordinadora Galega de Organizacións non Gubernamentais para o Desenvolvemento

Apróbase a xustificación do convenio coa Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento, por valor de quince mil euros, **15.000 €**, con cargo á aplicación 020 23103 4800001 para o ano 2021.

14. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: F/2021/4203.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 3.751 euros en concepto de mantemento do parque de Salgueiriños, correspondente á factura nº 06B-00168 de data 30 de agosto de 2021, emitida por Coregal Parques e Xardíns S.L..

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo

15. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: F/2021/3824.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 7.502 euros en concepto de mantemento do parque de Salgueiriños, correspondente á factura nº 06B-000145 de data 30 de xullo de 2021, emitida por Coregal Parques e Xardíns S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

16. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: F/2021/4727.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 5.292,74 euros en concepto de mantemento do parque municipal de Brandía, correspondente á factura nº 10 2021167 de data 30 de setembro de 2021, emitida por Aspas Emprego SL.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo,

17. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: F/2021/3889.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 5.292,74 euros en concepto de mantemento do parque municipal de Brandía, correspondente á factura nº 10 2021127 de data 31 de xullo de 2021, emitida por Aspas Emprego SL.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

18. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: F/2021/3793.

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 278.804,05 euros en concepto de "Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arborado urbano do Concello de Santiago de Compostela", correspondente ao mes de xullo, emitida por Cespa, Compañía Española de Servicios Públicos y Auxiliares.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

19. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: F/2021/4296.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 5.292,74 euros en concepto de mantemento do parque municipal de Brandía, correspondente á factura nº 10 2021146 de data 31 de agosto de 2021, emitida por Aspas Emprego SL.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

20. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: INF 5 AYTOS (2).

Corrección de erro na proposta a Xunta de Goberno Local da factura de AYTOS SOLUCIONES NFORMATICAS SLU).

Rectificar o erro material existente na proposta aprobada na Xunta de Goberno Local de data 2 de novembro no apartado 2 da parte resolutiva, onde se indica por error a factura F/2021/3032, debe decir F/2021/3031.

21. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: Inf 8 UTE TELEFONICA.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Ute D Telefónica de España SAU telefónica móbiles España correspondente a varios períodos entre marzo e xullo de 2021

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRINTA E TRES MIL DOUSCENTOS VENTECATRO EUROS E OITENTA E SEIS ÉNTIMOS (33.224,86 €), segundo se detalla na relación contable de facturas S/2021/234, e que comeza pola número F/2021/3250 por importe de 8.678,40 euros e finaliza pola número F/2021/4032 por importe de 1.308,57 euros, que figura no expediente, en concepto de servizo corporativo de telecomunicacións (telefonía fixa, telefonía móvil, comunicación de datos e servizos adicionais) e servizo de centro de atención o usuario (CAU) correspondentes a varios períodos entre marzo e xullo de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo

22. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: Inf 7 Acuntia.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por Acuntia S.A en concepto de servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago correspondente ao mes de agosto de 2021

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 4.382,27 € segundo a factura F/202/4583 que figura no expediente, en concepto de servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela, correspondente ao mes de agosto de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

23. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: Inf 6 Acuntia.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Acuntia SA, en concepto de servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago correspondente aos meses de abril a xullo de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 17.529,08 euros, segundo a relación contable S/2021/219 que figura no expediente, en concepto de servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago correspondente aos meses de abril a xullo de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

24. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: Inf 8.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por Unitronics Comunicaciones, S.A., en concepto de mantemento da infraestrutura de servidores do Concello correspondente ao mes de xuño de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SEIS MIL DOUSCENTOS COARENTA E SETE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (6.247,04€), segundo factura F/2021/4822 que figura no expediente, en concepto de servizo de operación e mantemento da infraestrutura de servidores do Concello correspondente ao mes de xuño de 2021.

Terceiro.-Dispoñer a continuidade das prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

25. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: Inf 9.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Unitronics comunicaciones SA, en concepto de servizo de operación e mantemento da infraestrutura de servidores do Concello correspondente aos meses de xullo a setembro de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DEZAOITO MIL SETECENTOS COARENTA E UN EURO E DOCE CÉNTIMOS (18.741,12€), segundo a relación contable de facturas S/2021/233 e que comeza pola número F/2021/4621 por importe de 6.247,04 euros e finaliza pola número F/2021/4823 por importe de 6.247,04 euros que figura no expediente, en concepto de servizo de operación e mantemento da infraestrutura de servidores do Concello correspondente aos meses de xullo a setembro de 2021.

Terceiro.-Dispoñer a continuidade das prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

26. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2021/162.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varios provedores en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre maio e xullo de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL TRESCIENTOS TRINTA EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (1.330,87 €), segundo relación contable de facturas S/2021/162 que se achega no expediente, e que comeza pola núm. F/2021/3579 por importe de 56,49 euros, expedida por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. e remata pola núm. F/2021/4256 por importe de 634,80 euros, expedida por LOS ÁNGELES GAS, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

27. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2021/212.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varios provedores en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre abril a setembro de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (2.594,96 €), que comeza pola núm. F/2021/3559 por importe de 576,86 euros, expedida por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. e remata pola núm. F/2021/4392 por importe de 56,20 euros, expedida por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

28. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2021/223 e S/2021/238.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por sistemas de seguridade a-1, S.L en concepto de servizos de mantemento dos sistemas de seguridade, extintores e alarmas das distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre os meses de xullo e setembro do ano 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATROCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (424,40 €) segundo relación contable de facturas S/2021/223 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2021/3828 por importe de 63,16 euros e remata pola número F/2021/4439 por importe de 127,10 euros, e S/2021/238 por un importe total de CINCO MIL TRESCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (5.356,97 €) que se achega no expediente, e que comeza pola factura numero F/2021/4667 por importe de 346,58 euros, e remata pola factura número F/2021/4669 por importe de 101,64 euros, todas elas expedidas pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

29. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S//.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de mantemento e reparación de ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes aos meses de maio a setembro do ano 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL NOVECIENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (3.946,21 €) segundo relación contable de facturas S/2021/235 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2021/2527 por importe de 169,40 euros emitida pola empresa SCHINDLER, S.A. e remata pola número F/2021/4660 por importe de 366,67 euros emitida por SCHINDLER, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

30. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F/2021/3147 e S/2021/228.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por “sociedade municipal xestión transporte urbano de Santiago en concepto de alugueiro do local dos servizos de parques e xardíns e de bombeiros correspondente ao mes de xuño, xullo e agosto de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe total de DEZANOVE MIL OITOCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (19.872,87€), segundo a factura F/2021/3147 por importe de 6.624,29, e relación contable de facturas S/2021/228, que se achegan no expediente que comeza pola número F2021/3879 por importe de 6.624,29 e remata pola número F/2021/4176 por un importe de 6.624,29, todas elas expedidas por “SOCIEDADE MUNICIPAL XESTIÓN TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO”

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

31. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00035782Y.

Recepción das obras de “Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de A Peregrina. POS + 2019”.

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de A Peregrina. POS + 2019”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

32. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00038204J.

Recepción das obras de “Execución das obras de acondicionamento do campo da festa do Castiñeiriño para usos polivalentes”.

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución das obras de acondicionamento do campo da festa do Castiñeiriño para usos polivalentes”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe do arquitecto supervisor municipal de 25-10-2021, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.

33. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024118A.

Cambio de denominación social da sociedade BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, SL para pasar a denominarse NOVAVIAL, SL.

Acórdase autorizar o cambio de denominación social da sociedade BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, SL para pasar a denominarse NOVAVIAL, SL , de tal xeito que toda clase de dereitos e obrigas pendentes e futuras que a vinculen con este Concello a partir do 1 de outubro de 2021 entenderanse coa sociedade NOVAVIAL, e domicilio social no Políg. ocomaco Quinta Avenida, núm. 91, Mesoeiro, 15190 A Coruña.

34. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047917C.

Cambio titularidade do local nº 9 do local da Rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais (Atención ao Cidadá).

Acórdase autorizar o cambio de titularidade do contrato de alugamento do local nº 9 do local da Rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais (Atención ao Cidadá).

35. ALCALDÍA. Referencia: 2021/00050596P.

Designación de representante do Grupo Municipal Socialista en consellos escolares.

Acórdase:

Primeiro. Designar ao concelleiro do Grupo Municipal Socialista don Rubén Prol Mariño como representante dese grupo político nos centros educativos que se indican e deixando sen efecto as designacións anteriores:

a) Centros de Infantil e Primaria:

Apóstolo Santiago.

Vite.

b) Colexios privados – concertados:

San Xurxo.

Xuventude.

c) Institutos de Educación Secundaria:

Xelmírez I.

Segundo. Comunicar este acordo aos centros educativos referidos para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

**36. UNIDADE DE RÉXIME INTERIOR. Referencia: Informe Intervención 1201/2021.
Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda facturación emitida por AUTOS IGLESIAS, S.L. en concepto de alugamento de oito vehículos monovolumen para a Policía Local correspondente ao mes de setembro de 2021**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación do gasto por importe de OITO MIL SEISCENTOS SESENTA E TRES EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS DE EURO (8.663,60 €), segundo relación contable de factura F/2021/4624 en concepto de alugamento de oito vehículos monovolumen para a Policía Local correspondente ao mes de setembro de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

37. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00044988N.

Dar conta da sinatura do Convenio con Mercado de Abastos s.coop. Galega.

Dase conta da sinatura do convenio de colaboración, entre o Concello de Santiago de Compostela e Mercado de Abastos de Santiago, S. Coop. Galega conforme ao artigo 22.2º da lei 38/2003 xeral de subvencións e a aprobación do gasto por un importe de **10.000 euros** con imputación á aplicación orzamentaria 010 43120 4790001

38. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0059.

Convalidación de gastos por omisión da función interventora das facturas expedidas por Servicios y Materiales, S.A. (SERMASA), en concepto de xestión das escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas correspondentes a xuño, xullo e agosto de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de NOVENTA E SETE MIL CENTO NOVENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (97.194,81€), segundo a relación contable S/2021/217 en concepto de xestión das escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas correspondente ao meses de xuño, xullo e agosto de 2021, e que se achega no expediente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

39. COMERCIO. Referencia: 2021/00048432Y.

Resolución da convocatoria de concesión de cheques de consultaría do programa COIDAR PARA MELLORAR. Anualidade 2021.

Acórdase:

Primeiro. Conceder os cheques de consultoría para cada unha das modalidades sinaladas ás seguintes persoas beneficiarias, logo de aplicar os criterios de ordenación previstos nas bases (un total de 19 beneficiarios de 33 cheques):

Nome	Escaparatismo	Comunicación	Transformación
		Comercial	dixital
Alejandra Folgar García			x
Maos Innovación Social		x	
Eduardo González Dapena		x	
Cristina Gerpe Rodríguez	x		
Domingo Rojas Cantera		x	
Martín Spasov		x	
Marta Dapena Gómez		x	x
Alejandro Benito Vázquez García		x	x
Marta Fernández Moure	x		x
José David García Abelleira	x		x
Corporate Compliance			x
Santos e Gontá	x	x	
José A. Alvite	x	x	x
Carlos Chorén Varela		x	x
Centro Deportivo	x	x	x
Mircanda Oest SL	x	x	x
Martín Javier Pais Alvela	x		
Santiago Pampín Mato	x	x	x
Gaiaecia SC			x

Segundo. Denegar os cheques a 5 solicitudes por esgotamento do número de cheques dispoñibles. Todas as denegacións pertencen á modalidade de comunicación comercial.

40. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00050371J.

Dación á Xunta de Goberno Local de providencia do 28-10-21 no Recurso de casación núm. 8217/2020.

Obxecto: concesión tren turístico Santiago de Compostela.

Demandado: Concello de Santiago de Compostela.

Codemandado: INCOLSA.

A providencia acorda non admitir o recurso de casación contra a sentenza desestimatoria ditada polo TSX; polo que é favorable para o Concello. A Sala do contencioso do TSX esestimou o recurso presentado pola empresa, contra a Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, que declarouse incompetente para resolver o recurso presentado contra o anuncio e os pregos do contrato de “Servizo de explotación do ten turístico urbano”. O TSX admitiu o recurso, pero o desestimou en todos os seus argumentos e peticións, seguindo a liña defendida pola Asesoría Xurídica municipal –que exerceu a defensa do Concello e da mercantil INCOLSA-, validando o proceso e a adxudicación daquel.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso algún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da providencia.
2. Remitir á Dirección de servizos para o seu coñecemento.

41. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00050367D.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída na apelación AP 15004/2021 do procedemento PO 378/2018 CA1.

Demandante: AS CANCELAS SIGLO XXI S.L.U.

Obxecto: diferenza liquidación provisional / definitiva ICIO e taxas urbanísticas.

Contía: 275.896,96 euros.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

No procedemento de inspección urbanística foron xiradas liquidacións complementarias en ICIO e taxas urbanísticas, que inicialmente o Xulgado nº 2 anulou por falta de motivación.

En execución desa primeira sentenza, e unha vez fixada a base impositiva, xiráronse novas liquidacións, impugnadas neste PO 378/2018. O Xulgado nº 1 estimou as alegacións da empresa, ao entender que a retroacción de actuacións non era a forma de executar aquela sentenza, emendando a falta de motivación, xa que a sentenza 239/2017 tiña anulado as primeiras liquidacións por motivos de fondo; debendo ditarse un acto único sen os erros apreciados. Por esta razón (nulidade, e non anulación), os efectos daquela sentenza do Xulgado nº 2 eran “ex tunc” (retroactivos); de xeito que no momento de xirarse as novas liquidacións, ao ter transcorridos máis de 4 anos dende a finalización das obras ata o inicio do expediente de regularización, as débedas estaban ademais prescritas.

O TSX corrixe nesta Sentenza 562/2021 os criterios aplicados polo Xulgado nº 1:

1. Cando o Xulgado nº 2 anulou as liquidacións orixinarias, fíxoo por falta de motivación – defecto de forma, non de fondo-, polo que non as declarou radicalmente nulas.
2. Se hai anulación, e non nulidade, non hai efectos retroactivos, non hai prescrición, polo que o Concello podía xirar as novas liquidacións.
3. Tampouco aprecia a caducidade do procedemento inspector alegado na oposición ao recurso.
4. E rexeita tamén que o Concello non puidese ditas novas liquidacións, xa que a xurisprudencia alegada refírese a un expediente de comprobación limitada (xestión tributaria), e no presente caso estamos ante un expediente de inspección.
5. Por último, con respecto á base impositiva, o TSX estima o argumento municipal de excluír unicamente os gastos xerais e o beneficio industria do empresario promotor propietario, pero non os de todos os contratistas que teñan intervido na obra. O TSX afirma que aínda que a pretensión da empresa podería ser acorde co principio de igualdade tributaria –como apunta a doutrina-, o certo é que *“el ayuntamiento de Santiago de Compostela obró conforme a Derecho al excluir, en la liquidación practicada en ejecución de la sentencia 239/17, los gastos generales y beneficio del constructor dueño de la obra al no haber sido encargada la misma a un contratista tercero por lo que no cabe excluir de la base imponible los beneficios industriales de proveedores y contratistas que suministran al dueño de la obra tal y como pretende la entidad AS CANCELAS SIGLO XXI”*.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de casación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tesourería para o seu coñecemento.
3. Agardar pola súa firmeza para proceder á súa execución. No suposto de recorrerse en casación, formalizar oposición ao mesmo.

42. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2021/00051005A.

Dación de conta da concesión provisional polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana dunha axuda para a elaboración de proxectos piloto de Plans de Acción Local da Axenda Urbana Española e aceptación da subvención.

Acórdase:

Primeiro. Tomar coñecemento da concesión provisional polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana dunha axuda na contía **de 200.000 euros**, ao abeiro da convocatoria aprobada pola Orde TMA/957/2021, do 7 de setembro, para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española.

Segundo. Aceptar a axuda outorgada provisionalmente polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española (Orde TMA/957/2021).

43. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00051005A.

Dar conta das resolucións da Alcaldía e das Concellarías Delegadas.

Dase conta das resolucións da Alcaldía e das Concellarías Delegadas de datas 5 a 11 de novembro de 2021.

URXENCIAS

44. Modificación da base 12ª, primeiro parágrafo, da convocatoria de axudas para actividades de promoción e dinamización comercial, anualidade 2021.

Acórdase a modificación da base 12ª, primeiro parágrafo, da convocatoria de axudas para actividades de promoción e dinamización comercial, anualidade 2021, que queda redactada como segue:

1. A data límite de xustificación é o 25 de novembro de 2021. Se presenta a solicitude a través da sede do Concello de Santiago (sede.santiagodecompostela.gal) deberá escoller o trámite "Xustificación de subvencións concedidas polo Concello" dentro do catálogo de trámites dispoñible. "

Este acordo non é susceptible de recurso sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

45. Corrección de erros núm. expediente 2021/00049378D

Acórdase corrixir o punto do acordo sobre a “oferta de emprego público 2021, nos termos seguintes:

ONDE DI:

A) Quenda libre.
PERSOAL FUNCIONARIO

Nº prazas	Denominación	Escala	Subescala	Clase	Grupo
12	Policía (3 delas mobilidade interadministrativa)	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	C2

DEBE DICIR:

A) Quenda libre.
PERSOAL FUNCIONARIO

Nº prazas	Denominación	Escala	Subescala	Clase	Grupo
12	Policía (3 delas mobilidade interadministrativa)	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	C1

Segundo.- Ordear a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*